

O fenómeno do cambio climático




XUNTA DE GALICIA

O EFECTO INVERNADOIRO

A superficie da Terra équentada polo Sol. Pero esta non absorbe toda a enerxía senón que reflicte parte dela de volta cara á atmosfera.

O vapor de auga, o dióxido de carbono (CO_2) e o gas metano forman unha capa natural na atmosfera terrestre que retén parte da enerxía proveniente do Sol.



1




2

Ó redor do 70% da enerxía solar que chega á superficie da Terra é devolta ó espacio. Pero parte da radiación infravermella é retida polos gases que producen o efecto invernadoiro e volta á superficie terrestre.

Como resultado do efecto invernadoiro, a Terra manteñese o suficientemente quente como para hacer posible a vida sobre o planeta. De non existirlo, os fenómenos climáticos serían intolerables.



3



4

Actualmente, as actividades humanas, principalmente a combustión dos combustibles fósiles á vez que se destrúen bosques máis rapidamente que se rexeren, provoca que se incremente o dióxido de carbono emitido á atmosfera e a súa concentración xunto coa doutros gases de efecto invernadoiro; o resultado é o coñecido efecto invernadoiro antropoxénico, que podería altera-lo clima mundial nas vindeiras décadas.

As principais consecuencias que este cambio podería ter no clima mundial amósanse a continuación:

A partir da segunda metade do século XIX coa chegada da Revolución Industrial, as concentración de gases de efecto invernadoiro na atmosfera medraron continuamente, agravándose a situación nos últimos 50 anos



Este aumento da temperatura provoca a fusión de grandes masas de xeo, tanto nas zonas polares coma nos glaciares continentais




Isto vén provocando nos últimos anos un aumento considerable da temperatura media do planeta, máis agudizada nalgunhas zonas ca noutras



A fusión das masas de xeo xunto co aumento de volume producido pola maior temperatura da auga fan que o nivel das augas aumente tamén de forma considerable

Os escenarios son previsións que fan os expertos (IPCC principalmente) dun sistema futuro considerando diferentes variables. Neste caso, vaise ter en conta a tendencia que sigan as emisións durante os próximos anos. Calcúllase que as emisóns de gases de efecto invernadoiro seguirán aumentando durante os próximos 100 anos debido principalmente ó crecemento económico e demográfico dos países en desenvolvemento (considérase que os países desenvolvidos cumplirán os obxectivos de Kioto). Dependendo do grao de establecemento das novas tecnoloxías nestes países establecéncense varios escenarios de emisóns que van determina-lo grao de crecemento das emisóns. Sexa cal sexa a tendencia das emisóns, os impactos producidos polo cambio climático permanecerán durante varios séculos ainda que se logre estabiliza-las emisóns de gases de efecto invernadoiro.



O PROTOCOLO DE KIOTO

Ten como obxectivo principal estabiliza-las concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera, a un nivel que preveña unha perigosa interferencia co sistema climático. Tal nivel deberá ser acadado nunha marxe de tempo que lles permita ós ecosistemas adaptárense de forma natural ó cambio climático, que non poña en perigo a produción de alimentos e que garanta o desenvolvemento económico dun xeito sustentable.

Aplicase ás emisións de seis gases de efecto invernadoiro:

- Dióxido de carbono (CO₂)
- Metano (CH₄)
- Óxido nitroso (N₂O)
- Hidrofluorocarbonos (HFC)
- Perfluorocarbonos (PFC)
- Hexafluoruro de xofre (SF₆)

Establece unha reducción de emisións global dun 5,2%, correspondéndolle á Unión Europea un 8% e a España un aumento do 15% no periodo 2008-2012 con respecto ó ano de referencia (1990).

Os países desenvolvidos no seu conxunto deberán:

- Cooperar para mellora-la efectividade das políticas e medidas a implementar.
- Tender á reducción de emisións provenientes dos combustibles usados nas diversas actividades, en especial nas relacionadas co sector transportes.
- Tratar de minimiza-los efectos económicos, sociais e ambientais das súas políticas sobre os países en desenvolvemento.

Cada país desenvolvido deberá poñer en práctica políticas e medidas, tales como:

- Melloras na eficiencia enerxética.
- Promoción de fontes novas e renovables de enerxía, de tecnoloxías de captación de carbono e de novas tecnoloxías ambientais.
- Eliminación progresiva das distorsións do mercado (incentivos fiscais, exencións tributarias...) opostas ó obxectivo de reducción de emisións.
- Reformas nos sectores relevantes para reduci-las emisións.
- Reducción de emisións no sector transporte.
- Reducción de emisións de metano en agricultura e tratamento de residuos.

OS INVENTARIOS DE EMISIÓNS

Un dos principais obxectivos establecidos no Protocolo de Kioto é o de establecer unha rede de inventarios nacionais de emisións de gases de efecto invernadoiro que permita o seguimento destas a través do tempo, ademais de servir como elemento de avaliación do cumprimento dos compromisos adquiridos.

A forma de realización dos inventarios de emisións unifíouse usando a metodoloxía do IPCC (Grupo Intergobernamental de Expertos sobre Cambio Climático). As actividades incluídas son:

- Enerxía (inclúe produción de enerxía eléctrica, combustión en industrias, transporte, sector residencial...)
- Procesos industriais
- Uso de disolventes e outros productos
- Agricultura
- Cambios no uso do solo e selvicultura (incluído o efecto sumidoiro dos sistemas forestais xestionados)
- Tratamento e eliminación de residuos

O inventario debe reflecti-las emisións de cada sector para cada un dos gases de efecto invernadoiro que establece o Protocolo de Kioto (CO_2 , CH_4 , N_2O , HFC, PFC e SF_6).

O total das emisións débese expresar en toneladas equivalentes de CO_2 , asignándolle a cada un dos gases contemplados no inventario un factor de conversión en función do seu potencial de quecemento e da súa duración na atmosfera.

O inventario de emisións debe ser actualizado anualmente, de xeito que se poida realizar un seguimento continuo das emisións e comparalas co ano de referencia (tómase como ano de referencia para o cumprimento das esixencias do Protocolo de Kioto o 1990 podéndose tomar 1995 para os gases fluorados) para avalia-lo cumprimento dos compromisos adquiridos.


A SITUACIÓN DE GALICIA

A Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia adopta o papel de elaborar unha estratexia galega contra o cambio climático encamiñada a coñecer, mitigar e avaliar os efectos do problema.

As actividades da Consellería de Medio Ambiente encamiñanse a combatelo fenómeno do cambio climático a través de:

- Mellora do coñecemento do clima galego a través da rede de seguimento meteorolóxico e avaliación do impacto que o cambio climático ten sobre o noso territorio.
- Definición das liñas que deben segui-las respectivas políticas sectoriais para fazer frente ó cambio climático antropoxénico.
- Establecemento das bases de funcionamento institucional para o seguimento e cumprimento das obrigas relativas ó Protocolo de Kioto.

As emisións de Galicia foron inventariadas para o ano 1990 e para o ano 2001. O sector enerxético (inclúe produción enerxética, consumo en industria, transporte e sector residencial e institucional) é o principal emisor, e polo tanto, o máis importante no que se refire ás políticas de emisión. A distribución das emisións en Galicia amósase a continuación:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE
CENTRO DE DESENVOLVIMENTO SOSTIBLE

